

Con datas 16 de xaneiro de 2002, 22 de outubro de 2002, 18 de febreiro de 2003 e 22 de setembro de 2003, dictáronse resolucións rectorais polas que se determinan os complementos de formación que deben realiza-los alumnos matriculados en Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental, en función da súa titulación de procedencia.

Examinada a procedencia dos actuais alumnos, e á vista do informe da Comisión da titulación de Enxeñaría Ambiental de data 13 de outubro de 2005, cómpre amplia-lo anexo á devandita Resolución reitoral e incluír no mesmo os Complementos de Formación para os alumnos procedentes de Enxeñaría Técnica Industrial : Especialidade en Deseño Industrial .

Polo exposto, ESTA REITORÍA RESOLVE:


ÚNICO.- Incorporar ao Anexo da Resolución do 16 de xaneiro de 2002, os Complementos de Formación que deberán cursar, de se-lo caso, os alumnos procedentes da Titulación de Enxeñaría Técnica Industrial: Especialidade en Deseño Industrial, segundo se indica a continuación:

Titulación de procedencia	Complementos de Formación	Créditos
Enxeñaría Técnica Industrial: Especialidade en Deseño Industrial	801 Bases Biolóxicas en Enxeñaría Ambiental	6
	803 Electrotecnia	6
	811 Química II	6

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2005

O REITOR

P.D. de 24 de outubro de 2005



Cástor Méndez Paz

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Srs. Decanos /Directores de Centro; Sr. Director de Graduado Superior de Enxeñaría Ambiental; Sra. Xefa do Servizo de Asesoría Xurídica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefeda UXA Sur, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do OIU.